

EpiLinux 2.0

Miguel Ángel Rodríguez Muíños, Xurxo Hervada Vidal

Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública. Consellería de Sanidade. Xunta de Galicia

Cad Aten Primaria
Ano 2010
Volume 17
Páx. 242-242

EpiLinux é un Sistema Operativo de libre distribución (unha distribución completa de GNU/Linux), orientado á utilización de ferramentas de análise epidemiolóxica e bioestatística no que traballan, conxuntamente, a Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública da Xunta de Galicia e a Unidade de Bioestatística da Facultade de Medicina da Universidade de Santiago de Compostela. Achega un sistema completo e autónomo, de doado manexo, especialmente orientado a todas aquelas persoas, tanto profesionais coma estudantes, que desenvolvan as súas actividades nos campos da epidemioloxía, a bioestatística e os estudos de saúde en xeral. Nesta segunda versión recompilouse e configurou, nunha mesma distribución e nun novo ámbito, o software necesario para iso.

EpiLinux 2 baséase en Ubuntu 10.4 LTS, con ámbito de escritorio Netbook Launcher, na que se incluíron, entre outros, programas ofimáticos, multimedia, internet e unha recompilación de software para a realización de estudos epidemiolóxicos e bioestadísticos, aspecto éste que a diferencia doutras distribucións de linux. Como base central, achégase unha instalación de R (potente software libre para análises estatísticos e epidemiolóxicos), cos ámbitos gráficos de usuario RCommander e Rkward e cunha colección de paquetes específicos para este tipo de estudos (epicalc, epitools...). Inclúese, tamén, Epidat 4 (versión beta, que se actualizará cando salga a definitiva), Scilab, Octave, PSPP, EpiGrass, OpenEpi... Ademais disto, modificáronse as orixes de software para incluír os repositorios orixinais e poder manter actualizado o sistema. Como complemento ao software nativo, EpiLinux dispón de WINE, que permite executar, baixo un ámbito Linux, software deseñado para Windows.

As novidades desta nova versión de EpiLinux consisten nunha completa remodelación do ámbito gráfico (incluíndo o redeseño do logotipo, fondo de escritorio, cores...) e a inclusión de novo software e dos seus correspondentes repositorios para ofrecer un sistema "live" que permite a súa execución directamente dende o lector de cd/dvd evitando, así, a interacción con instalacións previas doutros Sistemas Operativos. Outra opción dispoñible é a de instalar o EpiLinux no disco

duro do equipo facéndoo "convivir" co outro sistema operativo que teñamos instalado previamente. Se escollemos esta opción poderemos elexir, cada vez que arranque o equipo, o sistema que queremos iniciar por medio dun xestor de arranque.

Está dispoñible para a súa descarga dende a Web da Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública (<http://dxsp.sergas.es>).

En resumo, a nova versión de EpiLinux ofrece a posibilidade de dispoñer, nun ámbito homoxéneo e de libre distribución, das ferramentas necesarias para a realización de estudos epidemiolóxicos e/ou bioestadísticos, complementado cos programas e utilidades básicas para a actividade do día a día (internet, multimedia, oficina,...) .